

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 15 de outubro de 2016.

Sendo as 12:30 horas do día 15 de outubro de 2016, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño, Paz González, Xesús Mato, Lidia Vicente, Xosé Dios, Enrique Vidal, Vicente Abelleira, José Antonio García, Rafael Fontenlos e Ramón Blanco.

Seguindo o primeiro punto da orde do día o secretario dispónse a ler as dúas actas anteriores (assembleas xerais ordinaria e extraordinaria) do día 16 de xaneiro de 2016. **Porén, por petición unánime da asemblea, decídese que se manden por correo electrónico, quedando así pendentes de aprobar ata a próxima asemblea (en cuxa convocatoria, xunto as dúas actas pendentes, tamén se adxuntará esta mesma de hoxe). A partir de agora aos socios e socias remitiráselles a acta redactada, previamente ás asembleas nas que deban ser arprobadas.**

Toma a palabra o presidente, Xoán Mariño, para explicar a nosa proposta de modificación do Punto 2 do Artigo 5º dos Estatutos, tal como se especifica:

Contido actual do Punto 2º do Artigo 5º dos Estatutos:

"Artigo 5º.- (...)

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

a.- Diseñar plans de actuación ao longo do ano, que inclúan:

1.- Actividades lúdicas e do tempo de lecer, musicais, recreativas...

2.- Actividades de promoción cultural, histórico-artístico literaria e turísticas, como: presentación de libros, organización de xornadas, seminarios ou calquera actividade que teña que ver con elas.

b.- (...)"

Contido do Punto 2º do Artigo 5º dos Estatutos proposto pola Xunta Directiva; faríase o cambio no último apartado:

"2.- Actividades de promoción cultural, histórico-artístico literaria e turísticas, como: presentación de libros, organización de xornadas, seminarios, cursos de formación do profesorado ou calquera actividade que teña que ver con elas".

Apróbase por unanimidade dita modificación.

Acto seguido, como punto terceiro da orde do día, procédese á elección da nova Xunta Directiva. Vicente Abelleira presentara en prazo a súa candidatura para integrarse na Xunta Directiva, sendo a súa intención formar parte en calidade de vocal da mesma.

Ás 12:41 incorpóranse á asemblea Domingo Campos e Berta Nieto.

O presidente anuncia que Marisol Nieto amosou a intención de renunciar á vocalía para que puidese integrarse Vicente Abelleira no seu lugar se saía reelixida a Xunta Directiva actual, ao non haber ningunha outra candidatura alternativa. Deste xeito propónse a votación a nova candidatura composta por: Xoán Mariño, presidente; Lidia Vicente, vicepresidenta; Paz González, tesoureira; Ramón Blanco, secretario; Xesús Mato, vocal; Xosé Manuel Vázquez, vocal; Vicente Abelleira, vocal. Apróbase a mesma por unanimidade.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 12:57 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 15 de outubro de 2016.